

I CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE OURENSE (PECHADA)

Proxectos seleccionados (convocatoria pechada)

Nesta primeira convocatoria, [oito entidades asinaron os convenios co Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde](#) para a participación no Living Lab de Ourense da rede LABSAÚDE. Así, nas instalacións do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) realízanse o ensaio de solucións innovadoras, e coa que se achegará a innovación sanitaria ás demandas dos usuarios.

Nomeadamente, a sociedade Custom Implants traballará no proxecto **CI3D** de fabricación de implantes a medida en casos de politraumatismo, mediante o uso da impresión 3D.

A sociedade Psicología Virtual, desenvolverá o proxecto **HomeworksRehab**, no que se empregará a realidade virtual para a rehabilitación de pacientes con dano cerebral.

Pola súa banda, o equipo de rehabilitación Axón, utilizará a sala de estimulación multisensorial do CHUO para probar o seu proxecto **SEMDA** de terapia en pacientes maiores.

A spin-off Lincbiotech, que se achega desde o veciño Parque Tecnolóxico de Galicia, implemetará a iniciativa **Minerva** de procesado de imaxe neurolóxica para axudar aos diagnósticos de ictus e alzheimer.

Ademais, a spin-off Qubiotech, porá en marcha o proxecto **Neuroquant**, co obxecto de identificar biomarcadores na imaxe diagnóstica que permitan detectar de xeito precoz enfermidades neurodexenerativas.

Por último, a compañía Plexus xunto coas sociedades Insati Innovation, e Inforhouse, no proxecto **AVECEN** van deseñar, con pacientes e profesionais, un asistente virtual que facilite unha maior independencia e un envellecemento máis activo de pacientes con enfermidades neurodexenerativas, ao facer seguimento e control das súas rutinas.

CONTIDOS RELACIONADOS

O Living Lab de saúde de Ourense acollerá os primeiros 6 proxectos innovadores da rede LABSAÚDE

Convocatoria 2020: SA304B - Participación no living lab de saúde de Ourense da rede de living labs de saúde de Galicia (LABSAÚDE)

Prazo pechado: 14/03/2020 - 02/11/2020



Como participar no Living Lab de Ourense? (PECHADO)



Living Lab de Ourense



